



As sete organizacións sindicais SPJ-USO, STAJ, Alternativas na Xustiza, UXT, CSIF, CIG e CCOO alcanzan un preacordo sobre o CAT/CE coa Dirección Xeral de Xustiza.

Onte, 1 de abril, reuniuse novamente a Mesa Sectorial de Xustiza para **rematar a negociación** do CAT/CE e comezar a das RPTs das Oficinas de Xustiza nos municipios, as Oficinas do Rexistro Civil e as Oficinas xudiciais dos partidos con menos de catro xulgados.

Ante a manifestación do Director Xeral da imposibilidade orzamentaria de acadar que o pago da subida salarial comezase no ano 2025, os sete sindicatos conxuntamente presionamos á Administración para que a cantidade se **incrementase ata os 225 euros** a completar en tres anos (2026, 2027 e 2028) e que a porcentaxe do primeiro ano subise ata o 40% , quedando no 30% en cada un dos dous restantes.

O Director Xeral de Xustiza, tras un longo receso e realizar as consultas pertinentes, acabou aceptando a proposta sindical, polo que **definitivamente as contías** nas que se vai **incrementar o CAT/CE** nos vindeiros anos serán as seguintes:

TODOS OS CORPOS % anual de subida

01-01-2026	90 €	40%
01-01-2027	67,5 €	30%
01-01-2028	67,5 €	30%
TOTAL a 01-01-2028	225 €	100%

As sete organizacións sindicais, en **UNIDADE SINDICAL**, manifestámoslle ao Director Xeral que o Acordo **non é un cheque en branco** e esixímoslle que nel debe figurar unha cláusula que garanta que calquera resolución ou acto, de carácter administrativo ou normativo, que sexa ditado como consecuencia da implantación do novo sistema organizativo previsto na Lei Orgánica 1/2025 de medidas en materia de eficiencia do servizo público de Xustiza, terá que **ser negociado na Mesa Sectorial de Xustiza** sempre que afecte ás condicións laborais dos traballadores e traballadoras da Administración de Xustiza en Galicia, xa sexa no seu conxunto, a unha parte deles ou a un posto de traballo en concreto. O Director Xeral comprometeuse a incluír a dita cláusula no Acordo que finalmente se asine.

Galicia a 2 de abril de 2025